


Os «memes» de Dawkins. O insulto final.



Cando Copérnico puxo o sol no centro do sistema solar en 1530, os seres humanos empezaron a ser conscientes de que o universo non fora creado para o seu único beneficio. Cando Charles Darwin publicou *A orixe das especies* en 1859 tivemos que aceptar que o home non posuía por nacemento un dereito a dominar o mundo. En 1953, o descubrimento do ADN por Francis Crick e James Watson implicou que nin sequera os nosos corpos estaban deseñados tendo en mente o noso propio interese, senón o dos nosos xenes. En *O xene egoísta* (1976), Richard Dawkins, o biólogo evolucionista que máis fixo por divulgar esta teoría, engadiu o insulto final: nin sequera os contidos da nosa mente están deseñados para o noso beneficio. Máis alá de preguntarse simplemente como e por que desenvolvemos e comunicamos ideas, Dawkins suxeriu que as ideas poden propagarse pola súa propia conta segundo os principios darwinistas.

Dawkins defendeu as ideas dos estadounidenses George Hamilton e Robert Travers e os ingleses William Hamilton e John Maynard Smith. Estes científicos desenvolveran a idea de que as forzas da selección natural —segundo a cal aqueles trazos que se adaptan mellor ao medio son os que sobreviven e proliferan no ecosistema— non actúan sobre as especies nin sobre os individuos das especies, senón a nivel dos xenes. O seu razoamento foi o seguinte: imaxina que unha especie se comportase conforme aos intereses de cada un dos seus membros, acumulando alimento para satisfacer as súas necesidades ao longo do inverno. A un individuo desa especie interesaríalle romper o pacto e engulir tanta comida como

30 puidese, mentres deixaba os demais recoller a comida. Os seres humanos poden posuír nocións de cooperación e de ben común que lles din non actuar así, mesmo se o altruísmo é a miúdo simple coñecemento do interese propio ou medo ao castigo. Pero estes sentimentos non son accesibles a criaturas máis simples cuxo interese propio non pode alcanzar a sofisticación de chegar a ser «coñecido». Unha especie, como unidade, é incapaz de actuar buscando o interese común *en masa* porque este obxectivo chocará cos intereses contrarios dos seus membros individuais egoístas. Non é que os xermes, os vermes ou as formigas individuais sexan incapaces de actuar egoistamente, senón que dado que os membros da especie que o fixeran irían morrendo, o egoísta simplemente é deixado de lado.

45 Esta análise repítese a nivel do individuo. Hai na natureza un sen número de criaturas que actúan contra o interese da súa propia supervivencia, como cando as labercas se sacrifican polas súas crías. *O interese de quen está aquí en xogo?* Non pode ser o das crías



50 —que polo que sabemos non ameazan á súa nai con abandonar o niño para servir de reclamo aos depredadores—. E, claro está, tampouco pode ser o da nai, que non recibe nada a cambio das súas crías e, ás veces, polos seus desvelos remata nas poutas dun lobo famento. Dawkins defende que de feito actúa seguindo o interese dos seus xenes que están tamén presentes nos corpos das súas crías e que terán máis probabilidades de sobrevivir e reproducirse en xeracións futuras de labercas se ela se sacrifica.

60 Dawkins pensa que o que vale para os xenes podería valer tamén para calquera cousa capaz de replicarse por si mesma. As ideas tamén posúen esta propiedade de replicarse. Pensa en cando te encontras de pronto cantaruxando unha melodía e recordas que a oíches cinco minutos antes na radio. Un pouco máis tarde, decátaste de que o teu compañeiro empezou a cantaruxar a mesma melodía. Unha melodía especialmente

65 pegadiza pode ser cantaruxada unha e outra vez. É este proceso polo que a melodía pasa a cada vez máis xente o que Dawkins chama «meme» (da palabra grega *mimesis*, imitación).

70 Todo tipo de ideas, modas, frases e habilidades son infecciosas. Como seres humanos temos tendencia a copiar aos outros. É copiando pensamentos doutros e oíndoos que damos os nosos primeiros pasos na educación.

75 Porque o noso tempo é limitado e porque algunhas ideas se exclúen mutuamente, os «memes» teñen que competir mutuamente. Entre as formas en que o fan está a utilidade que teñen para nós e o grao en que nos axudan a sobrevivir e prosperar en determinadas circunstancias. Segundo este criterio, non é estraño que inventos como o lume, a roupa de abrigo ou a cura para a varíola tivesen tanto éxito. Pero no que respecta aos memes isto é mera coincidencia. A súa prioridade é infectar tantas mentes como sexa posible. Para lograr isto, os memes necesitan persuadir á xente de que os divulgue. E ofrecer vantaxes para sobrevivir é só un xeito de conseguilo.

80 Outro xeito de logralo é dotarse dalgún mecanismo que ofrezca resistencia ao cambio. Un meme así, defende Dawkins, é a fe relixiosa. O meme da fe inhabilita a capacidade crítica que podería cuestionalo e eliminalo. Dawkins compara estes memes con virus mentais que se apoderan da nosa mente como un virus informático se apodera do sistema operativo do noso ordenador. No caso da relixión, Dawkins engade que entra no noso organismo cando as nosas defensas están baixas —cando somos nenos pequenos e crédulos.

85 Estas ideas fixeron a Dawkins tan famoso polo seu ateísmo como polas súas teorías biolóxicas.

90 A pesar dos seus éxitos iniciais, a teoría dos memes non probou ser un campo fértil de estudo. A comparación dos memes e os xenes é unha analoxía que está lonxe de ser perfecta. Os memes poden combinarse mentres os xenes non poden. Os xenes non poden ser transformados polas accións do seu receptor, só teñen opción de sobrevivir e pasar á seguinte xeración ou non. E o que é máis importante, antes da chegada

da enxeñaría xenética, os nosos xenes só podían xurdir por mutacións ao azar.

105 Moito antes de que creásemos a enxeñaría xenética, desenvolvemos a capacidade de alterar directamente as nosas ideas e instintos. A enxeñaría dos memes, ou o pensamento racional como é coñecido habitualmente, dános poder sobre os nosos memes. Na esfera mental, en canto oposta á física, aprendemos a manipular as unidades de replicación antes de que soubésemos como o faciamos. Pero como as vítimas das guerras e das persecucións ideolóxicas poden desgraciadamente dicirnos, ao igual que a enxeñaría xenética, esta manipulación segue sendo certamente pouco de fiar.

110 Nicholar Fearn, *Zeno and the tortoise*, páxs. 165-172.

Actividades

1. Relaciona os termos das dúas columnas:

Xene	<i>Imitación</i>
Meme	<i>Unidade biolóxica de información hereditaria</i>
Mimesis	<i>Unidade teórica de información cultural</i>

2. Sinala a correcta das tres alternativas posibles:

- a) Copérnico defendeu que o centro do sistema solar ocupábao:
- a terra
 - a lúa
 - o sol
- b) En *O xene egoísta*, Dawkins afirmou que as ideas se estenden segundo:
- principios altruístas
 - principios darwinistas
 - ambos
- c) Segundo a selección natural, sobreviven os trazos que fan aos individuos máis:
- egoístas
 - fortes
 - adaptados
- d) Na natureza hai criaturas que actúan contra a súa supervivencia:
- falso
 - verdadeiro
 - non se sabe
- e) Segundo Dawkins, os animais que se sacrifican por outros seguen o interese:
- da selección natural
 - dos seus xenes
 - altruísta
- f) A palabra «meme» refírese ao proceso polo que as ideas:
- extingúense
 - imítanse
 - cuestiónanse
- g) Dawkins reduce a fe relixiosa a unha:
- estratexia biolóxica
 - crenza infantil
 - ambas
- h) Dawkins é famosos polo seu:
- teísmo
 - ateísmo
 - panteísmo
- i) A comparación entre xenes e memes é:
- perfecta
 - imperfecta
 - ambas

3. Resume o efecto da teoría de Dawkins para a antropoloxía. (liñas 1-15).

4. En que consiste a selección natural? (liñas 17-23).

5. Como explica Dawkins os comportamentos altruístas dos animais? (liñas 54-57).

6. Cales son os medios que os memes empregan para estenderse? (liñas 72-91).

7. Resume a crítica do autor do texto á teoría dos memes. (liñas 94-112).